

Acta da Sesión Ordinaria da Comisión de Calidade do 1 de decembro de 2016

Asistentes:

Arribas Álvarez, M.Carmen
Comendador Rey, Beatriz
Eguileta Franco, José M^a
Garrido Labrador, Begoña
Presedo Garazo, Antonio
Real López, Arturo
Reboreda Morillo, Susana
Sánchez Ferro, Pablo
Vaquero Díaz, Beatriz

Desculpan a súa ausencia:

López Díaz, María (Ano
sabático)
López López, Marta
Uña Álvarez, Elena de

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Comisión de Calidade, o xoves 1 de decembro de 2016, ás 17.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, desenvolvéndose a orde do día prevista pola convocatoria do 23 de novembro de 2016:

- Lectura e aprobación da acta anterior (13 de outubro de 2016)
- Informe da Decana
- Debate e toma de decisións sobre o borrador do Informe de autoavaliación da renovación da acreditación
- Debate e aprobación, se procede, do Plan de promoción do centro do curso 2016/17
- Rolda de intervencións

1. Lectura e aprobación da acta anterior (13 de novembro de 2016)

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informe da Decana

- Escusa a ausencia de Elena de Uña (motivos académicos), Marta López (motivos laborais) e María López (ano sabático).
- Dende a Área de Calidade informáronnos que se vai retrasar o proceso de acreditación do título, a entrega da documentación en lugar do 15 de decembro pasa ao 15 de xaneiro e a auditoría se prevé que sexa sobre o mes de marzo. Para axudarnos con todo este proceso de recompilación de datos a Área de Calidade asignounos a unha administrativa de apoio que é de gran axuda é a que damos a benvida a esta comisión á que asiste como invitada.

3. Debate e toma de decisións sobre o borrador do Informe de autoavaliación da renovación da acreditación

A decana explica que ao borrador enviado para facer as suxestións que se considerasen, se engadiron as suxestións feitas polo coordinador do TFG, pola técnica da Área de Calidade, os apuntamentos feitos pola vicedecana, así como as táboas introducidas pola administrativa de apoio.

A decana propón ir analizando e debatendo os aspectos onde haxa dúbidas, ao que todos os presentes se mostran de acordo.

Respecto ao apartado do TFG analízase se a redacción proposta pode resultar incorrecta con respecto á carga que supón ao profesorado a asignación de traballos por docente. Despois dun debate acórdase marcar dúas liñas, a primeira coincide en que a sobrecarga de traballo por dirección é un aspecto común a todas as titulacións, independentemente do número de docentes. O regulamento cifra en 4 o número de traballos a dirixir, se se sobrepasan hai que solicitar a ampliación á Comisión do TFG. A segunda refírese á actuación do profesorado nos tribunais avaliadores, neste aspecto si que o reducido número de plantilla do PDI implica directamente problemas específicos: ao non ser tribunais específicos de área, a temática pode queda lonxe da área propia de algúns dos membros. Aínda que isto non é a opinión xeralizada, xa que unha parte do profesorado opina que como docentes temos as capacidades necesarias para xulgar unha materia como esta. Tanto o representante do alumnado como o Director do Arquivo Provincial comentan que o preferible sería que no tribunal estea a lo menos un representante da área do TFG, xa que ao alumnado lles produce unha certa inqueda que no tribunal que xulga o seu TFG non haxa ningún

especialista da área afectada. A decana responde que en xeral sempre hai alguén da área ou dunha área afín.

Esta problemática deriva da avaliación a través de tribunais emanada do regulamento da UVigo, xa que noutras universidades é o/a titor/a quen cualifica a materia.

O segundo punto a debater refírese ás enquisas.

Respecto ás enquisas de satisfacción, a decana comenta que en todos os resultados do curso 2015/16 detéctase unha baixada con respecto aos do curso 2014/15. Acórdase que é necesario especificar no documento que houbo un cambio na metodoloxía xa que no curso 2014/15 participaron todos os cursos e no 2015/16 só terceiro. Tal e como apunta o Director do Arquivo Provincial, hai que manter certa prudencia con respecto aos últimos datos porque a avaliación non ten un referente histórico. A reflexión feita por todos os membros da comisión é que, a pesar da baixada, a valoración segue a estar por riba da media da UVigo. Outro tema analizado son as preguntas, a coordinadora de máster rexeita que estas sexan na súa maioría pechadas, só hai 3 abertas, polo que non se pode expresar opinións sobre todos os ítems; sen embargo o Director do Arquivo Provincial pensa que, segundo a súa experiencia, das preguntas abertas non se poden extraer conclusións fiables, ademais tampouco se poden facer as enquisas á carta, cre que para a súa análise deben conter preguntas abertas e pechadas.

Analizando o apartado das enquisas de avaliación, se suxire que se indique que determinadas preguntas son inadecuadas co momento da realización porque aínda non hai elementos para respostar.

O representante do alumnado, coincidindo coa decana, opina que en ambos casos a sensación que hai entre o alumnado é que as enquisas non serven para nada porque non teñen consecuencias.

Con referencia aos espazos, se acorda a inclusión dun lugar de encontro entre o profesorado, así como dun pequeno espazo de almacén para caixas, embalaxes, etc.

A decana comenta que quedan por analizar os resultados, inserir máis gráficas e cumprimentar os puntos débiles e as accións de mellora. O seguinte paso será a inclusión nun novo borrador destes aspectos, xunto cos aquí acordados. O documento máis avanzado volverase a remitir aos membros da comisión para facer as suxestións que se consideren oportunas, antes da súa aprobación provisional, para remitir a continuación á Área de Calidade para que fagan unha última revisión antes da súa aprobación definitiva.

4. Debate e aprobación, se procede, do Plan de promoción do centro do curso 2016/17

A promoción do centro se viña planificando e debatendo nesta comisión todos os anos aínda que non a tiñamos protocolarizada. Neste rexistro inclúense todas as accións desenvolvidas para a captación do alumnado do curso 2016/17. Proximamente, coa chegada dos novos orzamentos, se comezará coa planificación da promoción do centro de cara ao curso 2017/18.

Apróbase o Plan de promoción do centro.

5. Rolda de intervencións

Non hai.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 18.25 horas, e de todo dou fe como secretaria

A decana



Susana Reboreda Morillo Álvarez

A secretaria



MCarmen Arribas